



RESOLUCIÓN do 11 de novembro de 2020, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocada por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo do 2019, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 23 de outubro de 2019 (BOPG número 553, do 24.10.2019), para cualificar o proceso selectivo por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocada por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo do 2019, (DOGA núm. 142 do 29.08.2019), acordou, de conformidade co disposto na base 6.1.2 que o primeiro exercicio terá lugar o **día 19 de novembro do 2020, xoves, na sala Rosalía, da planta 2** do edificio do Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará **ás 10.00 horas**.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

O presidente do tribunal
Xosé Antón Sarmiento Méndez